

# MANUAL DE INSTALACIÓN

---

## O ARQUIVO INSTALACIÓN OFFLINE E ONLINE

Este ODE preséntanse en formato html nunha carpeta comprimida chamada **ende.zip**.

A carpeta con tódolos arquivos do proxecto pode gardarse no disco duro e, despois de extraer os ficheiros, executarse dende o arquivo index.html, sendo posible a súa utilización sen conexión a internet. Tamén pódese aloxar nun servidor web.

A navegación é fácil e intuitiva a través do menú de navegación. Funciona cos principais navegadores web, e cos sistemas operativos Android, Windows e iOS, polo que se pode empregar en tabletas e móbiles.

Para a visualización do recurso dende a carpeta comprimida ende.zip en teléfonos móbiles Android, pódese usar o aplicativo libre [eXe Reader](#).

Recoméndase ter unha versión actualizada do navegador para que funcione cos estándares habituais de html5, css3, javascript e php.

Podes editar o recurso empregando a ferramenta de código aberto [eXelearning](#). Que debes instalar no teu equipo.

Busca o arquivo **ende.elp** da carpeta comprimida do mesmo nome ou abre o recurso e busca **Descargar arquivo fonte**. Segue os seguintes pasos:

1. Descarga o arquivo diccionario.elp no teu equipo.
2. Abre o arquivo ende.elp con eXelearning.
3. Edita e exporta o recurso.

## INSTALACIÓN DO RECURSO NUNHA AULA VIRTUAL MOODLE

Para insertar este recurso na túa aula virtual Moodle descarga o ficheiro ende.zip no teu equipo.

Logo debes seguir os seguintes pasos:

1. Ingrese na súa aula virtual moodle, elixa un curso e preme **Activar edición**.




Ilustración 1: Activar edición en Moodle

2. Preme en **Engadir unha actividade ou recurso** e elixa **Ficheiro**.




Ilustración 2: Engadir ficheiro do banco de recursos en Moodle

3. Cubre os datos Nome e Descrición do recurso.
4. Na sección Ficheiros seleccionados crea un **cartafol** no icono e pónlle nome.




Ilustración 3: icono cartafol onde aloxar o arquivo

- Agora fai clic no novo cartafol e prema o icono **ficheiro** para agregar a carpeta ende.zip clicando en **Enviar este ficheiro**.




Ilustración 4: carpeta de importación creada




Ilustración 5: icono de importación de arquivos

- Prema sobre a carpeta subida e elixe **Descomprimir**.




Ilustración 6: ventá para descomprimir cartafol

- Busca o arquivo **index.html** e prema sobre él. Elixo a opción Establecer como ficheiro principal e Actualizar.




Ilustración 7: busca do arquivo index.html no cartafol descomprimido

## 11. Prema en Gardar e volver ao curso

# INSTALACIÓN DO RECURSO COMO PAQUETE SCORM Moodle

Para instalar o ODE como Paquete Scorm nunha aula virtual Moodle debes exportalo dende eXelearning seguindo os seguintes pasos:

1. Abre eXelearning e prema en Ficheiro> Abrir e busca o arquivo ende.elp no teu equipo.
2. Prema en Exportar>Estándar educativo>SCORM 1.2




Ilustración 8: Exportación en Scorm dende eXelearnig

3. Ingresa na tua aula virtual Moodle, identifícate e prema en Activar edición no curso onde queiras instalar o diccionario.
4. Elixe Engadir una actividade ou recurso e prema en Actividades>Paquete SCORM




Ilustración 9: Engadir paquete SCORM





Ilustración 10: Engadir paquete SCORM

5. Cubre os campos Título e descripción e prema no icono  para engadir o cartafol.
6. Busca no teu equipo o cartafol ende.zip creada no paso 1 e prema en Abrir ficheiro. Agarda a que cargue.




Ilustración 11: cartafol engadido como paquete SCORM

7. Prema en Gardar e volver ao curso.

[Prema](#) para outras opcións de instalación.